

Resolución do procedemento de inscrición do monte Seixo (Concello das Pontes de García Rodríguez) no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas

Antecedentes

1. O 11/02/2021 o xefe do Servizo de Montes da Coruña acordou o inicio do procedemento de inscrición do monte Seixo (Concello das Pontes de García Rodríguez) no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas, de acordo co artigo 10 do Decreto 167/2019, do 5 de decembro, polo que se crea e se regula o Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas.
2. O 09/03/2021 publicouse no Diario Oficial de Galicia (DOG) un anuncio polo que se someteu a información pública o procedemento de inscrición no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas do monte Seixo.
3. Durante o período de información pública non se presentaron alegacións.
4. Instruído o procedemento, conforme co artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, prescindíuse do trámite de audiencia xa que non figuran no procedemento nin serán tidos en conta na resolución outros feitos nin alegacións e probas que as aducidas polo interesado.
5. O 19/07/2022 o xefe do Servizo de Montes da Coruña formulou a proposta de resolución do expediente, que a continuación elevou á Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal.

Consideracións legais e técnicas

1. O procedemento de inscrición do monte Seixo no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas instruíuse de acordo co Decreto 167/2019.
2. Segundo o artigo 12.1 do Decreto 167/2019, o órgano competente para resolver é a Administración forestal, que de acordo co artigo 8 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, é o órgano da Comunidade Autónoma, con rango de dirección xeral ou secretaría xeral, con competencias en materia de montes.
3. O artigo 15.1 do Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, establece que á Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal

DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORDENACIÓN FORESTAL
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
San Lázaro s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546108
forestal.mediorural@xunta.gal



correspóndelle o exercicio das competencias inherentes á política forestal, desenvolvendo as medidas relacionadas coa planificación, ordenación, fomento, mellora da produción e conservación dos recursos forestais.

Tendo en conta o anterior, **RESOLVO:**

1. Que se inscriba o monte **Seixo** no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas, coas seguintes características:

Número de rexistro: 15003

Nome do monte: Seixo (As Pontes de García Rodríguez, A Coruña)

Titular: Xunta de Galicia

Superficie a inscribir: 16,43 ha en dous coutos redondos.

- Couto redondo 1: 12,06 ha, *Quercus robur*, *Betula sp*, *Castanea sativa*, e *Alnus glutinosa*, FCC 80%, idade 50 anos
- Couto redondo 2: 4,37 ha, *Quercus robur*, *Betula sp*, *Castanea sativa*, e *Alnus glutinosa*, FCC 70%, idade 50 anos

Coa especie *Salix atrocinerea* entre outras, como especies arbóreas acompañantes.

2. Que se publique esta resolución na páxina web da Consellería do Medio Rural.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada ante o conselleiro do Medio Rural no prazo dun (1) mes contado desde o día seguinte ao da notificación desta resolución, de acordo co disposto no artigo 12.5 do Decreto 167/2019 e nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela

O director xeral de Planificación e Ordenación Forestal

José Luis Chan Rodríguez

(Asinado dixitalmente)

